

Lemos, e desde logo con profundo pracer, o libro *Los amores del ciervo* de Xosé Ramón Mariño Ferro. Estamos ante un estudo pormenorizado e, ao mesmo tempo, intensamente pracenteiro que xira ao redor da figura do cervo tanto nas manifestacións da literatura paneuropea como nas mostras literarias peninsulares. O núcleo duro do ensaio céntrase na época medieval e semella un camiño de Santiago de ida e volta a interpenetración dos mitos e dos símbolos en que o cervo ou a cerva aparecen de modo rutilante. E xa non digamos cando nos atopamos con esa marabilla que son as famosas cantigas

Estudo pormenorizado

Analizando o mito cervical

ROMÁN RAÑA



de Pero Meogo aquí examinadas, un dos cimos da nosa poesía de todos os tempos.

O presente libro obtivo o III Premio Internacional de Investigación Etnográfica Ángel Carril. Está dividido entre unha primeira parte, que compila os textos arredor do cervo en España (desde a doncela cerva até Lanzarote e o cervo de pé branco), en Europa (que vai desde

Margarita ou a cerva branca até a cerva encantada) e na Idade Media (que abranxe desde Tyolet até a lenda de San Xiao) e unha segunda sección concentrada nos símbolos, primeiro analizando o mito cervical para, nunha segunda parte, atender outros símbolos relacionados con el: desde a fonte ou o mar até a caza amorosa ou a caza do propio cervo. O traballo exhaustivo, a sensibilidade e o rigor caracterizan estas apaixonadas páxinas de Mariño Ferro magnificamente acompañadas por unha completa e fermosísima iconografía que ilustra o volume e tamén nos ilustra a nós.

MARIÑO FERRO, X.R.,
Los amores del ciervo,
Deputación de
Salamanca, 2010,
PVP 18 €